CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

ANUNCIO

O día 29/10/2026 ditouse a seguinte resolución con número 713/2026:

"**RESOLUCIÓN**

EXPEDIENTE: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO PARA A PRAZA DE ENCARGADO/A DO MULTIUSOS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR RENUNCIA DE SARA I. V.

EXPEDIENTE: 2026/E002/000012

ANTECEDENTES:

Logo de ver o ficheiro FIE do traballador José Luís C. V., encargado do Multiusos, titular do posto código 04.04.01, no que consta que se atopa de baixa por incapacidade temporal dende o día 10/09/2025.

Logo de ver as "Bases reguladoras da convocatoria para a creación dunha bolsa ou lista de emprego para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de encargado/a do Multiusos con carácter laboral temporal" aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2025, en concreto a base 7.3: "(...) *O procedemento para o nomeamento do persoal da bolsa realizarase conforme aos seguintes trámites:- Detectada a situación de necesidade e urxencia, a alcaldía- presidencia logo de informe da técnica de Administración Xeral -ou, no seu defecto, de Secretaría- e certificado de consignación orzamentaria, procederá mediante decreto ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista* (...)", publicadas na sede electrónica o 12/12/2025 e o anuncio no Correo Gallego o 13/12/2026.

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 143/2026 de data 17/03/2026 publicada na sede electrónica do Concello de Melide o 20/03/2026, de asunto: "A*probación da bolsa ou lista de emprego para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de encargado/a do Multiusos con carácter laboral temporal"*, na que se resolve aprobar a seguinte bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a administrativo/a:

"(...) *PRIMEIRO: Aprobar a seguinte bolsa ou lista de emprego para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de encargado/a do multiusos con carácter laboral temporal:*

Nº	*NOME*	*1º EXERCICIO*	*2º EXERCICIO*	*MÉRITOS*	*TOTAL*
1	*E. A., ADRIÁN*	*7,99*	*10*	*0*	*17,99*
2	*F. F., MARÍA*	*7,33*	*7,50*	*3*	*17,83*
3	*B. V., DANIEL*	*8,33*	*9,16*	*0*	*17,49*
4	*I. V., SARA*	*5,99*	*7,50*	*4*	*17,49*
5	*Q. R., XOSÉ M.*	*8,33*	*8,33*	*0*	*16,66*
6	*B. P., NOELA*	*7,33*	*7,50*	*0*	*14,83*
7	*V. S., ANA MARÍA*	*6,66*	*5,83*	*0,50*	*12,99*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B3vgC9Sary4cUBLb0uki Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

SEGUNDO: Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide (...)".

Logo de ver a proposta de data 18/03/2026 da concelleira responsable da área de persoal, na que propón: "*O chamamento a través da bolsa de emprego para a substitución do posto vacante por IT do encargado do Multiusos (código 04.04.01), que desenvolve a súa función como encargado do edificio Multiusos e que actualmente se atopa vacante debido a incapacidade temporal da persoas que ocupan este posto de traballo*".

Logo de ver que, de conformidade coas bases 7.2 e 7.4, en atención as instancias e a documentación presentadas por:

- Adrián E. A. con DNI ***2593** o 26/03/2026 e núm. de rexistro 202699900000486
- María F. F. con DNI ***0034** o 27/03/2026 e núm. de rexistro 202699900000491
- Daniel B.V, con DNI ***4749** o 20/04/2026 e núm. de rexistro 202600000001655,

estes atópanse en situación de suspendidos/as, sendo a súa responsabilidade a de xustificar a data de finalización dos contratos que teñan vixentes para a súa reincorporación á bolsa de emprego.

Logo de ver a a resolución n.º 234/2026 de data 23/04/2026 e asunto: "DECRETO DE NOMEAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO PARA A PRAZA DE ENCARGADO/A DO MULTIUSOS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL" no que se acorda: "*Substituír ao encargado do Multiusos, traballador con dereito a reserva de posto de traballo, que se atopa en situación de baixa por incapacidade temporal, por Sara I.V. con DNI ***9428** dende o luns 27 de abril de 2025 e mentres non se reincorpore o titular da praza*".

Logo de ver que con data 19/10/2026 e rexistro de entrada n.º 4940 Sara I. V. presenta instancia pola que solicita: "***A renuncia ao posto que veño desempeñando na actualidade de encargada de Multiusos***. *Quero que se faga constar con data de 20 de outubro de 2026*".

Logo de ver a resolución da Alcaldía n.º 686/2026 de data 22/10/2026 e asunto: "*PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO PARA A PRAZA DE ENCARGADO/A DO MULTIUSOS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR RENUNCIA DE SARA I. V.*"

Logo de ver o certificado de existencia de crédito da interventora municipal con ref.: 501M/2026 de data 23/10/2026 no que se di: "*Que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2026, que é o prorrogado do exercicio 2025, para facer fronte ao gasto derivado do chamamento a través da bolsa ou lista de emprego para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de encargado/a do Multiusos con carácter laboral temporal, na bolsa de vinculación xurídica (31) con cargo ás aplicacións orzamentarias 334/131.00 e 334/160.00.*".

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 23/10/2026 e asunto "*CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO PARA A PRAZA DE ENCARGADO/A DO MULTIUSOS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR RENUNCIA DE SARA I. V.*", no que se conclúe o seguinte: "*INFÓRMASE FAVORABLEMENTE, ao chamamento, a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva para a substitución de persoa*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B3vgC9Sary4cUBLb0uki Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

*traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a posto de encargado/a do Multiusos (Código: 04.04.01) (titular: José Luís Cordido Vázquez, en situación de baixa por incapacidade temporal) conforme ao procedemento sinalado no apdo. 7 das Bases. Terase en conta no chamamento que Adrián E. A. (DNI ***2593**), María F. F. (DNI ***0034**) e Daniel B.V (DNI ***4749**) atópanse en situación de "suspendidas*".

Logo de ver a dilixencia de Intervención con ref.: 508M/2026 de data 27/10/2026 no que se di o seguinte: "*Visto o expediente número 2026/E002/000012 de asunto: "CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA: ENCARGADO EDIFICIO MULTIUSOS (PERSOAL LABORAL) POR RENUNCIA DE SARA I.V.", de acordo co disposto no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, infórmase de CONFORMIDADE por parte desta Intervención municipal o chamamento, a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva para a substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a posto de encargado/a do Multiusos (Código: 04.04.01) (titular: José Luís C.V., en situación de baixa por incapacidade temporal), remitíndome ao disposto no último informe conxunto de secretaría e intervención de ref.:8 de 2/03/2022 de asunto: "Contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, e xestión de persoal*".

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: tendo en conta a urxencia da contratación, proceder ao chamamento de Xosé Manuel Q. R. con DNI ***1432** a través da bolsa ou lista de emprego para substitución de persoal traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de encargado/a de multiusos con carácter laboral temporal co código do posto segundo a RPT do Concello de Melide 04.04.01, para que no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación do presente acordo manifeste o seu interese na praza.

SEGUNDO: no caso de manifestar a seleccionada o seu interese no prazo máximo de dos dous días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar a documentación sinalada na base 8 no prazo de 5 días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se lle requira.

TERCEIRO: notificar o presente acordo ao interesado.

CUARTO: publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 29 de outubro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / Ángela María Viqueira Allo."

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 30 de outubro de 2026.

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B3vgC9Sary4cUBLb0uki Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

CVD: B3vgC9Sary4cUBLb0uki Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)